



PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ

Dpto. de Orientación



Data de aprobación: 29/06/2012

Data de revisión: 17/04/2023

ÍNDICE

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO
2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES
3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS
4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
5. CRITERIOS XERAIS PARA A ORGANIZACIÓN E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E COS CENTROS ADSCRITOS.
8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.
9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS
10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN
11. ANEXOS

1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

O Plan de atención á diversidade deste centro, trata de responder aos principios básicos recollidos no PEC .

Elaborase así mesmo partindo das necesidades do centro, situación, estrutura, entorno e problemática e seguindo as directrices da CCP. Téñense en conta as liñas



xerais establecidas pola consellería na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro que regula a atención á diversidade en Galicia.

O Centro

O IES Cosme López Rodríguez está situado na Rúa, trátase dunha vila duns 5000 habitantes situada no val de Valdeorras. É un municipio de poboación concentrada, que ten como principais recursos a lousa, a automoción e a viticultura. Existe ademais no pobo un centro concertado de Secundaria moi próximo a este IES.

O noso IES escolariza ademais alumnado procedente dos concellos limítrofes de Petín, O Bolo e Larouco, estes dous últimos máis rurais e alonxados, o que dificulta as relacións escola-familia.

Cabe salientar que o nivel social, económico e cultural das familias é medio/baixo e que a súa participación, aínda non é satisfactoria.

No noso centro impártese ensinanzas tanto da ESO, Bacharelato das modalidades de ciencias e tecnoloxía e humanidades e ciencias sociais e formación profesional de grao básico e medio da rama de informática e comunicacións. O Profesorado do Instituto está formado por 32 profesores, dos que 1 é especialista en Psicoloxía e Pedagogía e 1 en Pedagogía Terapéutica. Asimesmo unha profesora de Audición e Linguaxe provisional.

2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

O alumnado do centro presenta variadas necesidades educativas sobre todo no campo da comprensión, expresión, da motivación e dos hábitos de estudo e traballo. Dificultades que deben ser atendidas de forma sistemática, con medidas non só correctivas, senón tamén preventivas, que dean resposta a esas necesidades tanto a nivel de grupo-clase como individual, utilizando para elo as alternativas que a normativa vixente pon ao noso alcance e que mellor se adapten as nosas características, dende as máis ordinarias ás máis extraordinarias, cando sexa preciso, e coa necesidade de colaboración de toda a comunidade educativa.

3. DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

OBXECTIVOS

1. Optimizar o proceso de ensino/aprendizaxe na totalidade do alumnado.
2. Desenvolver medidas destinadas á prevención e detección temperá dos problemas de aprendizaxe ou outras necesidades educativas do alumnado.
3. Determinar pautas de actuación educativa para dar resposta ás dificultades de aprendizaxe.



A. Finalidades:

- ✓ Evitar, na medida do posible abandono, fracaso e inadaptación escolar.
- ✓ Previr as dificultades de aprendizaxe e asistilas cando xa se produciron.
- ✓ Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado mediante as oportunas adaptacións curriculares.
- ✓ Garantir elementos educativos diferenciados e especializados, pouco ou nada habituais.

B. Obxectivos específicos do Plan:

- Favorecer a integración do alumnado no seu curso.
- Coñecer, a nivel académico, social e familiar, ao alumnado como punto de partida para prestarlle axuda na súa situación de aprendizaxe.
- Promover a colaboración e cooperación do profesorado, tanto na detección de n.e.a.e. coma na organización de estratexias de aprendizaxe en función diso.
- Organizar, seguir e avaliar o progreso académico do alumnado, sobre todo, no caso de alumnos con n.e.a.e.
- Proporcionar ao profesorado o apoio técnico necesario, se é o caso, para optimizar a súa tarefa educativa.
- Adoptar medidas organizativas sobre formas de agrupamento de alumnos/as e de organización de espazos e tempos que faciliten a atención á diversidade no centro.
- Poñer en marcha medidas de prevención encamiñadas fundamentalmente a crear un clima de relacións harmoniosas na aula, e de detección dos problemas de aprendizaxe, acompañadas estas daquelas outras de reforzo aos procesos de aprendizaxe nas materias instrumentais.
- Fixar criterios para atender e dar respostas á heteroxeneidade de capacidades, intereses e motivacións do alumnado, prioritariamente dende o currículo ordinario, a través de medidas ordinarias, todo elo no marco das adaptacións curriculares non significativas, tanto na aula coma individuais.



4. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No marco da Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de decembro que regula a atención á diversidade en Galicia, enténdese por medidas de atención á diversidade aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e estarán recollidas no plan xeral de atención á diversidade e nas concrecións anuais de dito plan.

Medidas ordinarias:

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, estando destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas. Entre as medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense:

- △ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- △ Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- △ A avaliación inicial
- △ A optatividade
- △ A orientación académica-profesional
- △ A acción titorial
- △ O reforzo educativo na aula ordinaria
- △ A permanencia un ano mais
- △ Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- △ Desdobramentos de grupos.
- △ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- △ Programas de enriquecemento curricular.
- △ Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.
- △ Programas de recuperación.
- △ Programas específicos personalizados.
- △ Programas de habilidades e competencias sociais.

Medidas extraordinarias:

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo



que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade, entre outras, as que seguen:

- △ Adaptacións curriculares.
- △ Agrupamentos flexibles.
- △ Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe.
- △ Flexibilización da duración do período de escolarización.
- △ Programas de diversificación curricular.
- △ Programas de formación profesional básica.
- △ Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- △ Grupos de adquisición das linguas.
- △ Grupos de adaptación da competencia curricular.

5. CRITERIOS XERAIS PARA A ORGANIZACIÓN E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A exigencia de adecuar currículo e desenvolvemento psicoevolutivo do alumnado representa un dos principios básicos da Psicopedagogía, reiteradamente sinalado na Proposta Curricular da Educación Secundaria Obrigatoria como primeiro principio a ter en conta nas sucesivas elaboracións e desenvolvementos curriculares

Os novos deseños curriculares propostos pola Administración Educativa para a etapa da Escolaridade Obrigatoria ofrecen a posibilidade de adecuar o grao de exigencia conceptual do currículo ao desenvolvemento psicoevolutivo da poboación estudiantil á que están destinados. Así, pois, atender a unha maior heteroxeneidade de capacidades, motivacións e intereses, ou o que é o mesmo, dar unha resposta educativa persoal e adaptada ás necesidades do alumnado que se escolariza nos diferentes grupos, e á vez fomentar un clima de relacións harmoniosas na aula, constitúen, pois, o difícil compromiso que deberá asumir o Claustro e o maior reto ao que deberán facer fronte o profesorado de Secundaria deste centro, sendo esta a finalidade á que se encamiñan as medidas de apoio recollidas neste plan.

En definitiva, a ESO constitúe unha etapa con carácter comprensivo, é dicir, supón a existencia dun tronco común que atende ao desenvolvemento do alumnado na súa totalidade mediante unha educación personalizada, de acordo coas súas posibilidades e intereses.



A diversidade de capacidades, intereses e motivación do alumnado, concrétese nun continuo de necesidades educativas, que son ordinarias cando poden ser satisfeitas sen afectar a aspectos prescriptivos do currículo, e mediante o emprego de recursos como cambios na metodoloxía, os materiais, o ritmo de ensino/aprendizaxe, o reforzo educativo, etc. E son extraordinarias, cando o alumnado precisa dunha axuda que alcance os obxectivos educativos previstos como son as adaptacións curriculares, programas de diversificación, etc... Por tanto, a resposta, á diversidade constitúe un continuo no que se atopan, desde as medidas ordinarias ata as medidas mais extraordinarias xa sinaladas. No que se refire a esta resposta, é importante sinalar, que tal e como se recolle no artigo 38. 4 do Decreto 229/2011 que regula a atención á diversidade en Galicia: "*A proposta de organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do departamento de orientación, de acordo cos criterios establecidos no plan xeral de atención á diversidade e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe*".

MEDIDAS PREVENTIVAS

a. A avaliación inicial

Unha das medidas obvias para previr e detectar problemas de aprendizaxe é o coñecemento temperá do alumnado en variables tales como a competencia curricular, características persoais e circunstancias de tipo escolar, social ou familiar, que poidan influír no seu proceso de aprendizaxe.

b. A orientación académica e profesional

Debe favorecer o coñecemento polo alumnado das diferentes opcións académicas e profesionais, favorecendo a madurez vocacional, e a elección dos itinerarios formativos que se axusten aos seus intereses, capacidades e motivacións. As actividades de orientación académica e vocacional axustaranse ao previsto no Plan de Orientación Académica e Vocacional no Proxecto Curricular.

MEDIDAS CURRICULARES

Referidas ao desenvolvemento do proxecto curricular a través de programación didáctica adaptadas, aos reforzos educativos, ás adaptacións curriculares individualizadas, á organización da opcionalidade e á acción tutorial, entre outros.

Entendemos por medias curriculares, pois, aquelas que teñen a finalidade de posibilitar desenvolvementos do currículo diferentes pero que non supoñen cambio algún na organización educativa do centro.

- a. A acción tutorial
- b. A optatividade
- c. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.



- d. O reforzo educativo na aula ordinaria
- e. Adaptacións Curriculares Individualizadas (adaptacións significativas)
- f. Programas de enriquecemento curricular.
- g. A permanencia un ano máis (repetición)

MEDIDAS ORGANIZATIVAS

Entendemos que estas medidas implican o deseño de estruturas paralelas no centro, de forma que se establezan grupos de alumnado, que afecten ao sistema organizativo.

- a. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b. Desdobramentos de grupos.
- c. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- d. Agrupamentos Flexibles.
- e. Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe.
- f. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.
- g. Flexibilización da duración do período de escolarización.
- h. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- i. Grupos de adquisición das linguas.
- j. Grupos de adaptación da competencia curricular.
- k. Outros:
 - Programas de recuperación.
 - Programas específicos personalizados.
 - Programas de habilidades e competencias sociais.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS A REALIZAR EN RELACIÓN ÁS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención a diversidade neste centro educativo enténdese como o conxunto de respostas curriculares e organizativas que perseguen a adaptación da resposta educativa á pluralidade de todo o alumnado do centro para que alcancen os obxectivos xerais da etapa. Tratarase, pois, de individualizar ao máximo posible a ensinanza.

A través da concreción curricular e das programacións atenderase a diversidade de forma anticipada, incorporando á planificación docente, recursos e estratexias variadas para dar resposta ás diversas necesidades que, de feito e polo coñecemento que se ten do alumnado do centro, vanse producir. Isto supón: asumir as diferenzas no grupo clase como algo característico do facer pedagóxico, coordinación do equipo de profesores, orientación adecuada, modificación de espazos e tempos, atención aos distintos tipos de contidos, desenvolvemento prioritario de procedementos e actitudes, actuación do profesorado como mediador e organizador do proceso de ensinanza -aprendizaxe, etc.



As vías existentes para o tratamento da diversidade son variadas e poden ser simultáneas e complementarias. A atención á diversidade deberá contemplarse da forma máis normalizadora posible.

A proposta deste Centro é a de saír ao encontro das necesidades educativas do alumnado da ESO, mediante este Plan de atención á diversidade para elo se concretan as seguintes vías de atención á diversidade:

- **A atención a diversidade dende a concreción do currículo**

Como primeira vía de atención á diversidade de forma anticipada tratamos de adaptar o currículo establecido pola administración ás características sociais e educativas da nosa comunidade educativa, do noso centro, recollidas no PEC.

Tamén, tal como sinalamos anteriormente, a atención á diversidade contemplarase da forma máis normalizadora posible. En cada momento farase uso da medida máis axeitada de entre todas as que a lei permite segundo os criterios que para cada unha delas expoñemos ao longo deste punto.

Os distintos departamentos especificarán no apartado correspondente das programacións didácticas as medidas de atención á diversidade do departamento nos distintos cursos e materias do mesmo. Establecerán os contidos mínimos. Elaborarán/recompilarán recursos, que permitan atender á diversidade, para cada unha das medidas que se apliquen: programación de aula, reforzo educativo, agrupamentos específicos, etc.

- **A atención á diversidade dende a programación de aula**

Como establece o artigo 44 da Orde do 8 de setembro de 2021 sobre atención á diversidade *o profesorado desenvolverá as programacións didácticas considerando o estilo pedagóxico do centro, o nivel de competencia curricular de cada alumno/a e as axudas que precise, tendo en conta os principios de deseño universal de aprendizaxe, facilitando espazos de participación para todo o alumnado.*

A programación de aula constitúe un ámbito de actuación privilexiado para axustar a acción educativa á diversidade de capacidades, estilos de aprendizaxe, intereses e motivación do alumnado.

Dado o carácter obrigatorio da etapa, o currículo das distintas áreas ha de servir para que toda a poboación poida alcanzar os obxectivos propostos.

As actividades contempladas na mesma deberán ser xeneradoras do desenvolvemento das capacidades e á súa vez diversificadas, de maneira que o alumnado con diferentes coñecementos e competencias poidan participar nelas. A súa vez debe contemplar o requerimento, existencia e manipulación de materiais curriculares que permitan plantexar diferentes niveis de esixencia sobre os mesmos contidos e ofrecer motivacións diferentes.

Aínda que en cada unha das áreas aplicaranse de forma específica unha serie de medidas concretas que permitan a adecuación ás diferenzas individuais do alumnado, a nivel xeral queremos establecer unha serie de pautas e directrices xerais que sirvan como marco de referencia para todo o profesorado, que sirvan para unificar



actuacións e favorezan a coherencia educativa. Así segundo as circunstancias pódense:

-Permitir ritmos distintos e niveis de consecución diferentes para un mesmo contido, considerando diferente tempo de realización de actividades en función dos diferentes ritmos de aprendizaxe.

-Establecer secuencias de contidos que aseguren diferentes graos de complexidade para acadar o nivel e a motivación de todos/as. Deseño Universal de Aprendizaxe.

-Propoñer actividades de aprendizaxe diferenciadas variadas e con diferente nivel de dificultade. Determinar que contidos son fundamentais e cales son complementarios ou de ampliación e ter previsto un número suficiente de actividades para cada un dos contidos considerados fundamentais, con distinto nivel de complexidade que permitan traballar estes mesmos contidos con esixencias distintas

-Incluír **actividades de reforzo** para aqueles alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.

-Propoñer **actividades de recuperación** para aqueles que ao final da secuencia non alcancen os obxectivos previstos .

-Propoñer actividades de **ampliación** para aqueloutros que van diante na súa aprendizaxe.

- Plantexar metodoloxías e niveis de axuda diversos.

-Prever adaptacións de material didáctico. Traballar con materiais que ofrezan unha gama ampla de actividades didácticas que respondan a diferentes graos de aprendizaxe, ben establecendo en cada unidade diferentes grupos de actividades (de coñecementos previos, de desenvolvemento, de reforzo, de ampliación), ben presentando todas elas ordenadas secuencialmente, a modo de banco de actividades graduadas das que o profesorado ou nalgúns casos o alumnado poida elixir as máis apropiadas. O banco de actividades graduadas permite ofrecer un conxunto de actividades que cobren pormenorizadamente todos os pasos do proceso, o que resulta moi aconsellable para traballar con alumnos/as con problemas de aprendizaxe que necesitan desmenuzar os contidos e traballar un mesmo contido de distintas maneiras. A súa vez este non supón un inconveniente para os alumnos/as cun ritmo e aprendizaxe superior á media, sempre que existan percorridos rápidos que permitan a estes alumnos ir saltando a través das actividades máis significativas.

-Establecer **agrupamentos** que permitan contextos de aprendizaxe **colaborativos**.

-Utilizar recursos e materiais diferenciados (gráficos, audiovisuais, manipulables) para contemplar os distintos estilos de aprendizaxe dos/as alumnos/as

-Utilización adecuada da avaliación:

.Aplicar criterios de avaliación que contemplen diferentes graos de logro.

.Utilización de instrumentos acordes coa natureza e desenvolvemento das actividades de ensinanza aprendizaxe, instrumentos plurais.

.Facer unha avaliación inicial (etapa, curso, U.D). Partir dos coñecementos previos, non dar cousas por sabidas, que leva ao aumento do fracaso escolar. Comprobar que a maioría aprende.



.Utilizar a avaliación formativa como retroalimentación do proceso de ensinanza aprendizaxe. Encamiñado a ver o que os alumnos saben.

.Avaliación sumativa:

.Non utilizar os exames como único instrumento de avaliación/cualificación.

.Preparar ben estos. O nivel de dificultades das preguntas dentro do exame debe ser gradual. Preguntas que recollan o fundamental e básico, e preguntas relativas a coñecementos complementarios, de ampliación...

A orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade establece na sección 2ª a prevención como principio para atender a diversidade, por si dende a programación de aula se considera de especial importancia a avaliación inicial preceptiva ao comezo de cada curso e non so ao comezo da etapa. Esta avaliación inicial permitiranos adaptar a programación ao grupo concreto de alumnos.

Cada departamento elaborará os instrumentos adecuados para facer dita avaliación. Serán criterios desta avaliación os mínimos necesarios en cada área ou materia para 1º, 2º 3º e 4º. Estes criterios poden servir ademais para repasar nos primeiros momentos do curso e servir de reforzo posteriormente.

- **A atención á diversidade dende a tutoría**

A atención a diversidade dende a tutoría estará fundamentalmente encamiñada ao coñecemento do alumnado e o seguimento persoal deste, a crear un clima de aula adecuado que favoreza a relación do grupo clase e a manter un contacto estreito coas familias para coñecer a súas expectativas con respecto ao alumnado, establecer actuacións coordinadas entre as familias e o centro e a estimular e orientar a súa participación de forma que coa colaboración de todos, se favoreza ao máximo o proceso de ensino-aprendizaxe.

Ademais é función do departamento de orientación a elaboración dun programa básico de habilidades sociais que se incorporará ao plan de acción tutorial, de tal xeito que todo o alumnado sexa destinatario deste programa, e a partir deste programa básico, elaborará e desenvolverá un programa específico de habilidades sociais para o alumnado que sexa remitido reiteradamente á aula de atención educativa e convivencia e aquel alumnado que sexa sancionado con suspensión do dereito de asistencia ao centro

- **A atención á diversidade dende o POAP**

A través do programa de orientación académica e profesional atenderase á diversidade orientando ao alumnado, fundamentalmente na elección de optativas e itinerarios que se adapten o mellor posible ás súas características individuais.



• **A atención á diversidade dende a aula de atención educativa e convivencia**

MEDIDA	AULA DE CONVIVENCIA
CONSISTE	<ul style="list-style-type: none"> - Espazo do centro onde se enviará ao alumnado nas seguintes circunstancias: <ol style="list-style-type: none"> 1. Alumnado que é expulsado de clase por parte do seu profesorado por incumprimento reiterado das normas da clase. 2. Alumnado que ten conflitos cos seus iguais sen resolver, acudirá a este aula para resolvelos en presenza dun profesor/a que facilite a comunicación eficaz e pacífica entre eles. 3. Alumnado que precisa o desenvolvemento dun programa de habilidades sociais tal e como se recolle no punto de atención á diversidade dende a titoría.
PROCEDEMENTO (1)	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado, no momento da expulsión, deberá cumprimentar un parte de expulsión da aula no que explicará detalladamente o motivo polo que expulsou ao alumno/a, asignándolle algunha tarefa ou traballo. O devandito parte daráselle ao titor/a e ao xefe/a de estudos. - O expulsado/a dirixirase inmediatamente, acompañado polo delegado/a, ao profesorado de garda, e no seu defecto a algún cargo directivo. Sempre levará unha tarefa ou traballo encomendado polo profesor/a para a súa realización durante o período de expulsión. - O profesor/a de garda procederá a anotar a expulsión como incidencia no parte de gardas e farase cargo da custodia do alumnado expulsado, asesorándoo, se é preciso, na realización da tarefa encomendada. - As expulsións de aula serán comunicadas aos pais/nais ou titores legais do alumnado polo profesor/a que a motivou. Esta comunicación realizarase mediante contacto telefónico durante a mesma xornada na que se produciu, de tal xeito que a familia teña coñecemento do feito antes de que o alumno/a regrese á súa casa. - O profesorado acudirá a este mecanismo de expulsión só en casos excepcionais e sempre motivando a expulsión.
PROFESORADO	O profesorado de garda.
PROCEDEMENTO (2)	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado que teña coñecemento dun conflito entre dous alumnos informará aos seus titores desta circunstancia. - O titor/a intentará solucionar o problema polos seus medios, se non fose posible a resolución do conflito entón o titor/a informaría ao equipo directivo. - O equipo directivo derivaríao ao departamento de orientación e tras entrevista individual con cada un dos afectados/as se iría á aula de convivencia para tratar de solucionar o conflito. - Están excluídos desta medida os casos de acoso ou aqueles que pola súa gravidade non podan ser resoltos polos alumnos/as.
PROFESORADO	O profesorado, o titor/a, o equipo directivo e o orientador/a.
PROCEDEMENTO (3)	- O dito programa desenvolverase nas condicións horarias que aconselle a mellor reincorporación do alumnado ás actividades lectivas.
PROFESORADO	O equipo directivo e o orientador/a.



- **A atención á diversidade dende a optatividade. A oferta de materias optativas**

MEDIDA	OPTATIVIDADE
CONSISTE	A optatividade configura un modelo de itinerarios educativos alternativos que permiten ao alumno deseñar un currículo cercano aos seus interese e aptitudes.
ALUMNADO	Todo o alumnado de ESO
EXENCIÓN LG. ESTRANXEIRA	O alumnado de 1º e 2º de ESO estará exento de cursar a 2ª lingua estranxeira nos seguintes casos: - alumnado de ACI - alumnado do programa de reforzo nas instrumentais básicas - alumnado que foi exento en 1º de ESO pasará a 2º coa exención - o alumnado procedente do centro adscrito ou doutros centros de primaria que conte cun informe do seu titor solicitando a exención se valorará por parte do departamento de orientación a pertinencia da medida
LEXISLACIÓN	Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo de educación secundaria obrigatoria en Galicia.

MATERIAS OBRIGATORIAS NA ESO	MATERIAS DE OPCIÓN	OPTATIVAS (1)
+Xeografía e historia (3h) +Educación física (2h) +Lingua galega e literatura (3h) +Lingua castelá e literatura (3h) +Lingua estranxeira (3h) +Matemáticas (3h) +Educación plástica, visual e audiovisual (2h) +Bioloxía e Xeoloxía (3h) +Física e química (3h) +2ª lingua estranxeira (2h) +Libre disposición do centro (2h) +Música (2h) +Educación en valores, cívicos e éticos (1h) +Titoría (1h) -Elexir: +Relixión (1h) +Proxecto competencial	+Bioloxía e Xeoloxía (3h) +Física e Química (3h) +Dixitalización (3h) +Latín (3h) +Música (3h) +Economía e emprendemento (3h) +Formación e Or. Persoal e profesional (3h) +Tecnoloxía (3h) +Expresión artística (3h) +2ª Lg. Estranxeira (3h)	2ª lingua estranxeira (3h) Cultura Clásica (3h) Educación Dixital (3h) Oratoria (3h) Filosofía (3h) Unha materia de opción (3h)
TOTAL		32 horas



• **A atención á diversidade a través do Reforzo Educativo**

-O apoio en grupos ordinarios: Reforzo educativo dentro da aula

MEDIDA	O REFORZO EDUCATIVO DENTRO DA AULA
ALUMNADO	Alumnado que con esta medida poida seguir o proceso ordinario de aprendizaxe. Alumnos/as que desexen o logro académico e que son receptivos ás axudas que reciben. Tamén para alumnado de escasa motivación para aprender pero que teñen expectativas de superar o curso se se lle ofrecen contextos significativos de aprendizaxe e metodoloxías participativas
COMO	-Aportando tarefas, materiais e explicacións complementarias segundo necesidades (individualmente ou en grupo) -Propoñendo o repaso das leccións en pequenos grupos de axuda. Un alumno/a mais avanzado en cada grupo. O profesorado clarifica o que sexa preciso. -Corrixindo o profesor/a os traballos co alumno/a para que saque proveito dos erros (corrección compartida). -Propostas de plans da aprendizaxe individuais, como traballos concretos, actividades de reforzo ou recuperación para facer na casa e /ou no centro. -Nalgunhas áreas pódense traballar algunhas técnicas de traballo intelectual (a lectura comprensiva, o subliñado, o esquema...) -As medidas de reforzo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumno/a - ...
IMPARTE	-Profesorado de área, ocasionalmente co apoio doutro/a profesional (profesor/a de PT, profesor/a de AL, profesor/a doutra área para completar horario)
CANDO	-Na hora de clase cunha periodicidade determinada en función do tema, unidade etc.
ONDE	-Na aula ordinaria
CON QUE	-Materiais curriculares de cada área por debaixo e por enriba do nivel correspondente ao curso (cadernos, fotocopias...) -Actividades deseñadas para diferentes niveis de dificultade -Actividades para o traballo individual e outras para o traballo en pequeno grupo
LEXISLACIÓN	-Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade

-O apoio fóra do grupo ordinario

MEDIDA	.REFORZO INDIVIDUAL OU EN PEQUENO GRUPO FORA DA AULA
ALUMNADO	-Que traballa en niveis diferentes dentro do mesmo currículo: *Distinto ritmo de aprendizaxe *Escaso interese e motivación polo estudo *Dificultades de aprendizaxe cas do resto da clase * Preferencia alumnado con AC e alumnado do 1º e 2º da ESO * Necesidade de autorización da familia do alumno/a
ELABORA	-Profesorado da materia e profesorado de PT e/ou AL



IMPARTE	-Profesor de Pedagogía terapéutica e/ou AL ou no caso da exención de francés calquera profesor/a do centro, priorizando ao profesorado de ámbito lingüístico
QUE	*Áreas instrumentais básicas: linguas, matemáticas *Priorizar contidos
CANDO	-Simultaneamente co grupo de referencia -Durante certo tempo e para aprendizaxes básicas. - No caso da exención de francés durante 1º e 2º de ESO
ONDE	Aula de PT e ou AL
CON QUE	-Material adaptado
COMO	Deberá coidarse ao máximo: a coordinación do profesorado, delimitar claramente os contidos a reforzar e contemplalo na avaliación As medidas de reforzo reflectiranse no expediente do alumno/a
LEXISLACIÓN	-Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade

- Os agrupamentos flexibles

MEDIDA	AGRUPAMENTOS FLEXIBLES
CONSISTE	-Son agrupamentos transitorios que permitan en determinadas áreas constituír un grupo específico co alumnado dos distintos grupos do mesmo nivel, que presente dificultades de aprendizaxe en determinadas áreas ou materias, nas que necesita unha atención máis individualizada. -Realizaranse prioritariamente nas áreas de Lingua castelá e Literatura, Lingua galega e literatura e Matemáticas. -O alumnado permanecerá a totalidade do horario semanal da área ou materia. -Farase constar nos documentos oficiais de avaliación.
ALUMNADO	-Que estean escolarizados na ESO e presenten dificultades de aprendizaxe, excepcionalmente, aqueles para os que, aínda tendo os requisitos para a incorporación a un programa de diversificación curricular ou de formación profesional básica, esta medida se considere máis axeitada. - Carácter flexible, en cada curso escolar poderanse establecer nun nivel ou noutro según necesidades. CRITERIOS XERAIS -Alumnado que permanece un ano máis no curso. -Alumnado que promocióne por imperativo legal. -Con dificultades de aprendizaxe que non se poidan solucionar con reforzo educativo NA AULA
INCLUSIÓN DO ALUMNADO	-Informe individualizado do/a titor/a do curso anterior xustificando a proposta. -No mes de setembro e despois de constituído, ata o mes de xaneiro. -Conformidade expresa da familia. -Reversibilidade. Dado que esta medida ten carácter reversible, o profesorado e o departamento de orientación deberán realizar un seguimento individualizado de cada alumno/a co fin de que poida integrarse a tempo completo no grupo de referencia. Esta decisión tomarase na xunta de avaliación
ELABORA	Correspondentes departamentos didácticos.
IMPARTE	Profesorado da área ou áreas afíns, con experiencia e destino definitivo preferentemente
QUE	Programacións adaptadas elaboradas polos correspondentes departamentos didácticos, a partir dos obxectivos e contidos básicos establecidos no CURRÍCULO. Poderanse retomar de ciclos ou cursos anteriores.



ONDE	En aula propia
PROCESO DE APROBACIÓN	CCP propón áreas a cursar priorizando as Linguas e Matemáticas. Reunión XE/Or/Titores de cada nivel para seleccionar o alumnado e áreas a cursar cada un. Enviar a inspección antes do 30 de setembro: Selección de alumnos/as. Horario que permaneceran nos agrupamentos específicos. Profesorado encargado e distribución horaria semanal. Areas curriculares que se van impartir. Programacións didácticas adaptadas. Procedemento de coordinación entre o profesorado do agrupamento o de área ou materia.
CURRÍCULO	Con carácter xeral estes alumnos/as deben ter os mesmos obxectivos co grupo de referencia, aínda que se poidan adaptar contidos a etapa anterior cando se vexa necesario. É importante considerar as posibilidades de acadar os obxectivos mínimos propostos para o grupo de referencia.
METODOLOXÍA	Cambio metodolóxico substancial, baseado en proxectos de traballo ou unidades didácticas nas que prime o carácter práctico e funcional dos contidos, atender ao deseño universal de aprendizaxe.
AVALIACIÓN	Sen prexuízo do carácter individualizado que debe ter a avaliación, para a elaboración dos criterios de avaliación do alumnado que reciba esta medida de apoio ás aprendizaxes básicas terase en conta os criterios establecidos con carácter xeral para o grupo de referencia. A participación nos agrupamentos específicos faráselle constar no seu expediente como reforzo educativo.
LEXISLACIÓN	Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade para a ESO en Galicia.

- **A atención á diversidade a través da permanencia de mais tempo nunha etapa.**

- Permanencia dun ano mais

MEDIDA	REPETICIÓN DE CURSO
LEXISLACIÓN	Dec. 156/2022 polo que se establece a ordenación da educación secundaria en Galicia
CRITERIOS	-O alumnado que como consecuencia da aplicación dos criterios de avaliación do centro, non promocióne, permanecerá un ano máis no mesmo curso, tendo en conta que so se poderá repetir unha vez o mesmo curso, como máximo dúas veces na escolaridade e so excepcionalmente se poderá repetir por segunda vez cuarto curso se non se repetiu en cursos anteriores desta etapa. Cando un alumno repita, esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación no que se reforcen as aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.

- A flexibilización da duración do período de escolarización

MEDIDA	FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN
CONSISTE	Modificar a duración do período de escolarización do alumnado con necesidades educativas especiais, xa sexa aumentando ou diminuíndo (no caso do alumnado de altas capacidades) excepcionalmente nun ano respecto ao disposto co carácter xeral, esta medida deberá someterse ao que dispón a normativa no referente ao máximo de idade para permanecer nunha determinada etapa, así mesmo nos cursos 3º e 4º de ESO e bacharelato poderanse cursar fragmentados.
ALUMNADO	Alumnado con necesidades educativas especiais



SOLICITUDE	A dirección de centro presentará a oportuna solicitude no departamento territorial, acompañada da seguinte documentación: - Informe elaborado polo departamento de orientación onde se xustifique a medida - Conformidade expresa dos pais ou titores legais do alumno se é menor de idade, ou a súa propia se non o é - Fotocopia compulsada do libro de escolaridade ou de cualificacións ou certificación académica - Proposta de adaptación do currículo
PRAZOS	En setembro coincidindo co prazo de matrícula, debendo remitila a dirección do centro ao departamento territorial nos 7 días naturais seguintes
LEXISLACIÓN	Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade para a ESO en Galicia.

• **A atención á diversidade mediante as adaptacións curriculares individuais**

MEDIDA	ADAPTACIÓN CURRICULAR
CONSISTE	-Modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender as necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas por razóns educativas, sociais e/ou culturais ou ter unha determinada dificultade.
ALUMNADO	-Para alumnado con necesidades educativas detectadas en primaria seguiranse as instrucións que figuren na documentación que acompañe ao expediente (Avaliación diagnóstica, documento de adaptación curricular e seguimento da mesma) -Para alumnado ao que as necesidades educativas se detecten en secundaria, terase en conta: + Que sexan alumnos/as que polas características das súas nee, se cuestione a posibilidade de acadar os obxectivos propostos no DCB, ben porque presenten limitacións psíquicas, físicas ou sensorias que llo impidan ou porque presenten unha historia repleta de fracasos e malas experiencias educativas. +Que se esgotasen as medidas ordinarias de atención á diversidade. +Que o profesorado implicado no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con nee considere necesaria a elaboración dunha adaptación que oriente e gue o proceso, e a avaliación psicopedagóxica preceptiva, realizada polo departamento de orientación en colaboración co equipo de profesores, así o aconselle. + Que o desfase madurativo entre o alumnado e o grupo clase sexa moi significativo (a lo menos de 2 cursos) + Poderán afectar a unha, varias ou a todas as áreas. En función das necesidades que presente. Priorizarase a adaptación nas áreas instrumentais.
PROCESO	- Avaliación psicopedagóxica na que se recollerán datos relevantes sobre a situación sociofamiliar e o proceso de aprendizaxe. Posteriormente realizarase unha reunión coordinada polo/a xefe/a de estudos á que asistirán os profesores/as que impartan as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación, e os profesionais que participaron na avaliación psicopedagóxica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, áreas nas que se realiza, así como aqueles elementos do currículo que, se é o caso, deberán ser modificados - Recollerase nun documento normativizado segundo o modelo establecido no anexo 2 da orde do 8 de setembro do 2021. Remítirase este documento á inspección educativa que a deberá autorizar mediante o informe correspondente. -O documento de adaptación curricular formará parte do expediente académico do alumno/a. Rexistrarse no expediente académico, e farase constar no informe á familia.
ELABORA	A elaboración e o desenvolvemento da adaptación curricular, agás casos excepcionais, levarase a cabo no contexto educativo ordinario. Serán elaboradas polo profesorado de área coa colaboración e asesoramento do departamento didáctico, do responsable da orientación educativa e de calquera outro profesional que participe na atención ao alumnado (ex. Profesor especialista en PT).



IMPARTE	-Profesor/a materia. -Profesorado apoio.
QUE	-O referente para toda adaptación curricular serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no PCC para cada curso. -Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro ciclo ou etapa distinto do que curse o alumnado obxecto de adaptación curricular. -Para a selección de obxectivos e contidos deberanse priorizar: Os que teñan maior carácter funcional e instrumental, os máis adaptados aos intereses, capacidades e necesidades do alumno/a e na medida do posible, aos obxectivos xerais básicos da ESO. -Priorizarase a adaptación nas áreas básicas: linguas e matemáticas
CANDO	-Unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.
ONDE	-Aula ordinaria -Aula apoio
AVALIACIÓN	- A avaliación do alumnado que siga un ACI farase en función dos criterios de avaliación individualizados establecidos nela, sen prexuízo de que para efectos de promoción o referente sexan sempre os obxectivos xerais de etapa establecidos na CCP - As adaptacións curriculares revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. Ao finalizar o curso para o que se realice a ACI, o titor ou titora, xunto co profesorado que impartira as áreas ou materias obxecto de adaptación, oídos os pais ou responsables legais do alumno, determinarán a pertinencia da promoción de curso, a necesidade de adaptación curricular no curso seguinte e de ser o caso as liñas xerais -As adaptacións curriculares, con todo serán documentos flexibles que se revisen e modifiquen continuamente en función das avaliacións de seguimento da ACI que se vaian facendo. - As ACIs reflectiranse no expediente do alumnado
LEXISLACIÓN	-Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade.

• **A atención á diversidade ao alumnado estranxeiro (medidas específicas)**

MEDIDA	GRUPOS DE ADQUISICIÓN DAS LINGUAS
CONSISTE	- Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino. -Dirixida polo tanto, ao alumnado que descoñeza completamente as linguas oficiais de Galicia. -Poderá permanecer un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizar a ampliación excepcional dese período. O alumno incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao descoñecemento das linguas. - O alumnado que forme parte destes agrupamentos deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.
HORARIO	-O horario semanal máximo de pertenza a este agrupamento será de 24 períodos lectivos na ESO. Este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumnado vaia progresando no dominio das linguas. - O alumnado permanecerá co seu grupo de referencia nas materias de: educación física, música, educación plástica e visual e na hora de titoría.
INCLUSIÓN DO ALUMNADO	-Informe do departamento de orientación. -Solicitud da dirección do centro. -Informar aos pais (orientador)
PROFESORADO	O profesorado encargado destes agrupamentos na ESO pertencerá preferentemente ás especialidades de tipo lingüístico.



LEXISLACIÓN	Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade para a ESO en Galicia.
--------------------	-----------------------------------------------------------------------------

MEDIDA	GRUPOS DE ADAPTACIÓN DA COMPETENCIA CURRICULAR
CONSISTE	<ul style="list-style-type: none"> - Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na súa competencia curricular, de xeito que se lle posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atopa escolarizado. -Dirixida polo tanto, ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. -A permanencia nestes agrupamentos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ao longo de todo o ano escolar. O alumno incorporárase plenamente ao seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfase curricular. - O alumnado que forme parte destes agrupamentos deberá pertencer a unha mesma etapa educativa, sen necesidade de que estea escolarizado no mesmo curso ou ciclo.
HORARIO	<ul style="list-style-type: none"> -O horario semanal máximo de pertenza a este agrupamento será de 10 períodos lectivos na ESO. - En ningún caso o alumnado permanecerá a totalidade do horario semanal de cada unha das materias nas que sae.
INCLUSIÓN DO ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> -Informe do departamento de orientación. -Solicitud da dirección do centro. -Informar aos pais (orientador)
PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> -O profesorado encargado destes agrupamentos na ESO pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia. -O profesorado que interveña nestes agrupamentos asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. Sen embargo, a emisión das cualificacións corresponderá ao profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.
LEXISLACIÓN	Orde 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade para a ESO en Galicia.

OUTRAS VÍAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- **Plan de reforzo do alumnado que pase de curso con materias sen superar**
 - No suposto do alumnado que promocióne de curso con materias sen superar, o profesorado que imparte a materia, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico, elaborará un plan de reforzo.
 - Terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias e a súa avaliación corresponderalle ao profesorado da materia pendente.

En todo caso, para superar a materia pendente o alumnado deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo.

 - O alumnado de 2º de ESO que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.
- **Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en centros docentes de Galicia.**



- **Plan específico personalizado para alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso**

- O alumnado da ESO que permaneza un ano máis no mesmo curso deberá seguir un plan específico personalizado que adapte as condicións curriculares ás súas necesidades.
- Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado tutor.
- En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, se realizarán os axustes que se necesiten. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación informarase do seu desenvolvemento e aproveitamento.
- **Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en centros docentes de Galicia.**

- **Programas de enriquecemento curriculares**

Trátase dunha medida dirixida ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. Baséase na individualización da ensinanza e consiste en deseñar programas axustados ás características de cada alumno ou alumna, ao tempo que se manteñen co seu grupo de clase. Teñen a vantaxe evidente de non producir consecuencias na súa socialización.

- Non se trata de elaboración de programas paralelos aos ordinarios, son axustes no programa ordinario, é dicir, adaptacións no currículo que serán tanto máis significativas canto maiores sexan esas necesidades educativas.
- Na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado con altas capacidades intelectuais se seguirán dous tipos de estratexias:
 - As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical: Consisten en aumentar a cantidade de contidos a aprender nunha ou varias áreas.
 - A ampliación curricular de enriquecemento horizontal: O aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, prevalecendo a profundización e a realización de interconexións entre os contidos que se aprenden.
- É competencia e responsabilidade do profesorado da materia a oferta de actividades e organización da aula para que este alumnado se beneficie desta medida.
- Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación.

- **Programas de habilidades e competencias sociais**

Son de programas que promoven a adquisición das competencias sociais e cognitivas que favorecen a empatía, a autoestima, a comprensión das demais persoas e unha boa interacción con elas, a solidariedade, o respecto e a tolerancia ante as discrepancias, a expresión correcta das propias opinións e sentimentos e todo o que signifique a mellora das relacións e da convivencia.

Estas actuacións serán de carácter transversal e se desenvolverán en todas as materias do currículo.

Asimesmo o departamento de orientación ten elaborado un programa de habilidades e competencias sociais como complemento das medidas correctoras.



- Orde 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en centros docentes de Galicia.

- Dec. 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS E COS CENTROS ADSCRITOS.

Para poder levar a cabo as tarefas de atención á diversidade no centro cómpre seguir a seguinte estrutura:

- Revisións por parte do profesorado titor dos informes finais de avaliación onde se recollerá as medidas propostas para o alumnado para o curso entrante.
- Reunións co equipo docente de cada grupo nas avaliacións onde se tomarán as decisións relativas á resposta á diversidade.
- Reunións individuais de cada titor/a co Departamento de Orientación cando sexa necesario para o desenvolvemento do Plan.
- Reunións da xefatura de estudos co orientador/a para revisar globalmente o plan e cubrir as necesidades que se precisan para o seu desenvolvemento a nivel de centro.

No que se refire a coordinación e colaboración co centro adscrito se realizarán de ordinario as seguintes tarefas:

- Reunión preceptiva, unha ao trimestre, do departamento de orientación do noso centro co responsable de orientación do colexio adscrito onde se revisará tanto o plan de atención á diversidade como o plan de acción tutorial (PAT).
- Reunión do orientador do centro cos responsables de PT e AL do colexio, despois de cada avaliación, para ter información do traballo realizado co alumnado de 6º de E.P. con necesidades educativas.
- Envío ao colexio no terceiro trimestre do curso por parte do orientador, duns documentos para que cumprimente o responsable de orientación onde se recollerá información relevante do alumnado de 6º de E.P. (Ver anexos).
- Complimentación por parte do titor dos alumnos de 6º de E.P. dun informe, solicitando a exención de 2ª lingua estranxeira a aqueles alumnos que se considere na avaliación final. (Ver anexos).
- Realización dunha charla a final de curso, a cargo do orientador, e o equipo directivo, no IES para as familias do alumnado de 6º de E.P., sobre cuestións xerais do paso de primaria ao instituto.
- Realización dunha visita, ao final de curso, do alumnado de 6º de E.P. ao instituto.



8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS FAMILIAS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

As actividades encamiñadas á coordinación, comunicación, intercambio de información e á participación por parte das familias serán:

- Ao inicio do curso comunicárase ás familias información sobre calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, ... na reunión do principio de curso que manterán o profesorado titor coas familias.
- Ao inicio da escolaridade no centro, o profesorado titor analizará os informes individualizados de avaliación e o historial escolar e conseguirá máis información, se procede, nas entrevistas individuais que manteña coas familias.
- Informar ás familias de todo aquilo que lles afecta en relación coas actividades docentes e de rendemento académico. As familias terán puntualmente información sobre:
 - Faltas de asistencia ou comportamento
 - Dificultades atopadas e posibles solucións.
 - Resultados académicos: notas, actividades de reforzo...
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado. Para elo realizaranse actividades encamiñadas á coordinación, comunicación, intercambio de información e á participación:

- Reunión grupal de comezo de curso.

- Reunións individuais ao longo do curso:

- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos/as.

Na reunión inicial de comezo de curso se explicará ás familias como poden axudar os seus fillos/as nos estudos. Ademais das reunións grupais que se programen ao longo do curso, manterase un contacto estreito coas familias na hora de titoría establecida a tal efecto e asesóraselle no tratamento das dificultades escolares e tamén en todo o relacionado coa elección de estudos posteriores. Cando se considere oportuno se remitirán ao departamento de orientación

No que se refire á relación cos diferentes servizos externos ao centro será responsabilidade do equipo directivo, que será quen de arbitrar as medidas necesarias para realizar unha axeitada relación nos termos que se establezan.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Tal e como se recolle no punto 4 deste plan considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer



cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Para a aplicación das medidas extraordinarias será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente servizo de orientación.

Os protocolos a seguir para solicitar a elaboración destas medidas será os que seguen:

➤ **Adaptacións Curriculares (adaptacións significativas)**

Consistirán na modificación dun ou máis dos elementos prescriptivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación). Esta modificación poderá consistir na redución, supresión, axuste ou ampliación.

Segundo a Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade, pola que se regulan as medidas de adaptación do currículo, o destinatario das ACIs é alumnado que por razóns educativas, sociais, culturais, por padecer algún déficit, ou por posuír capacidades excepcionais, precisen modificacións do currículo significativas, que permitan o logro dos obxectivos educativos.

Esta medida, pensada para alumnado con n.e.e. e excepcionalmente alumnado con n.e.a.e, permite adaptar os espazos, materiais e sistemas de comunicación, así como eliminar contidos esenciais ou nucleares e obxectivos xerais que se consideran importantes nas diferentes áreas do currículo, coa conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación.

Trátase pois, dunha medida que esixe a concorrencia do profesorado de apoio.

Non se trata, en definitiva, dun programa paralelo, senón dunha adaptación individual a partir da programación do grupo habitual, e debe recoller as individualizacións que requira o alumno e quedar plasmada nun Documento Individual de Adaptación (DIAC), permitindo a revisión dos aspectos curriculares que comparte cos compañeiros/as, os que non pode compartir ou comparte parcialmente, apoios individuais e específicos que necesita e o período de tempo para o que se fixan as adaptacións.

Así pois, na ESO, o referente das ACs serán os obxectivos xerais da etapa, concretados para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer a un ciclo ou etapa distinto do que curse o/a alumno/a.

No bacharelato, a avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a discapacidade sensorial ou motora, que precisen unha adaptación dos obxectivos, basearase nos mesmos e non poderán pertencer a unha etapa distinta.

As propostas do DIAC en ningún momento deberán converterse en algo estático, sendo necesaria a súa revisión polo menos, unha vez ao termino de cada curso, e no seu caso, a reconsideración periódica das decisións nel reflexadas.

A decisión de elaborar unha ACI, tomarase unha vez esgotadas as medidas ordinarias de atención á diversidade.

A duración na ESO será de un curso académico.



Criterios para a elaboración das ACIs:

- Esgotamento de todas as medidas de atención á diversidade ordinarias (adaptación grupal, reforzo, optativas, etc).
- As ACIs configúranse en coherencia co PEC, tendo, tanto na súa elaboración como no seu desenvolvemento, como referente básico o currículo ordinario.
- A súa elaboración exige a determinación precisa do Nivel de Competencia Curricular (NCC) do alumnado.
- É necesario informar ás familias e quedará constancia por escrito.
- O alumnado de ACI será atendido polo profesorado de área que será o responsable da súa avaliación así como polo profesorado especialista, podendo saír da aula ordinaria ata un tercio do seu horario, en ningún caso poderá saír todas as horas dunha materia concreta, na aula de PT se traballarán aspectos relacionados coas técnicas instrumentais básicas.
- As modificacións que supoñen guíaranse sempre polo principio de inclusión; manterase unha orde de preferencia nos elementos a adaptar, seguindo unha gradación na significatividade:
 1. Adaptacións na metodoloxía e nos criterios de avaliación.
 2. Adaptacións nos contidos e criterios de avaliación, non esenciais.
 3. Adaptacións nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, que non afecten á consecución dos obxectivos xerais da etapa.
 4. Adaptacións nos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, que afecten aos obxectivos xerais da etapa.

Destinatarios. O proceso e os criterios para a proposta dos alumnos que deban recibir unha ACI, serán os seguintes:

1. Alumnado que esgotase o tempo de permanencia na educación primaria e promocióne sen acadar os obxectivos mínimos: tomarase a decisión en función dos resultados da avaliación inicial, e cando se estime que non son suficientes as medidas ordinarias de adaptación do currículo, tendo en conta as súas necesidades, o desfase na competencia curricular, e a súa adaptación á escola.
2. Alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a condicións de discapacidade sensorial ou motora, que precisen a inclusión de contidos específicos no currículo, ou outras adaptacións.
3. Alumnado que tras permanecer un ano máis nalgún curso, non alcance os obxectivos mínimos, e se considere que a adaptación individualizada é mellor que a súa incorporación ao Programa de Diversificación.
4. Alumnado con altas capacidades que pola súa condición, teñan acadados os obxectivos programados para o seu curso, poderán recibir unha adaptación individualizada de ampliación dos obxectivos ou contidos, a flexibilización dos criterios de avaliación, ou a modificación das actividades e a secuencia de contidos. A adaptación curricular poderá considerar que se curse no nivel inmediatamente superior nunha ou varias áreas ou materias.
5. No caso do alumnado que recibiu adaptación curricular ao finalizar o curso, o profesorado titor xunto co profesorado que imparta as áreas ou materias obxecto de adaptación, oída a familia do/a alumno/a, determinarán a



necesidade dalgunha adaptación no curso seguinte e as liñas xerais da mesma.

.Proceso de elaboración

Antes de iniciar o proceso de elaboración da ACI, o/a titor/a do/a alumno/a informará a familia da necesidade da mesma, e recabará a súa conformidade.

O deseño e desenvolvemento da ACI é responsabilidade do profesorado da área ou materia, coa colaboración do departamento didáctico, o asesoramento do orientador, e do profesor/a de pedagogía terapéutica. A elaboración será precedida por unha avaliación psicopedagóxica elaborada polo responsable da orientación e onde se recollerán datos referentes aos seguintes ámbitos:

- ✓ Datos físicos e de saúde (características físicas, sensoriais, enfermidades padecidas ou crónicas, desenvolvemento evolutivo...)
- ✓ Datos psicosociais máis relevantes (aptitudes, personalidade, intereses, motivacións, estilo de aprendizaxe, adaptación escolar, persoal e familiar...)
- ✓ Datos pedagóxicos (nivel de competencia curricular do alumno, necesidades educativas respecto das capacidades establecidas no currículo)

Todos estes datos serán recollidos no Documento Individualizado de Adaptación curricular (DIAC).

Unha vez concluída a avaliación psicopedagóxica realizarase unha reunión coordinada pola xafatura de estudos, coa asistencia do profesorado titor, o profesorado das áreas ou materias obxecto de adaptación, e os demais participantes na avaliación. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular, recollida no documento de adaptación, e será remitida polo director ao Servizo de Inspección para a súa aprobación.

➤ Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica e/ou en audición e linguaxe.

Cando as dificultades de aprendizaxe sexan máis xeneralizadas, unha das posibilidades que se contemplan é a saída do grupo-clase de referencia para actividades de reforzo en pequeno grupo, con procedementos e métodos de traballo que poidan estar na base de certas dificultades manifestadas polo alumnado, coidando en todo caso, que a permanencia no subgrupo se manteña só o tempo necesario para atender as súas necesidades.

Outra posibilidade será a presenza no grupo-clase de profesorado de apoio que, xunto ao profesor/a titular se ocupe das actividades de reforzo dos/as alumnos/as que o precisen dentro da aula ordinaria.

Critérios para a aplicación do apoio do profesorado especialista:

As medidas xerais aplicadas na aula co resto dos compañeiros/as non desen resultado, e se considere que non é precisa unha adaptación significativa do curriculum, en función das seguintes variables:

- 1.a. Que as capacidades do/a alumno/a permitan esperar que alcance os obxectivos da área ou áreas.
- 1.b. Que o grao de retraso na área ou áreas do currículo sexa inferior a un curso, ou cando sexa superior, se observe un progreso adecuado do/a alumno/a ao recibir a atención individualizada.
- 1.c. O interese e a motivación do/a alumno/a.



- 1.d. Priorizarase as aprendizaxes instrumentais (linguas e matemáticas).

A decisión de que un/ha alumno/a reciba apoio por parte do profesorado especialista será tomada nas sesións de avaliación programadas, e será recomendado na última sesión de avaliación para o alumnado que se considere que requerirán esta axuda o curso seguinte.

Se o alumnado progresa de forma que as medidas de reforzo deixen de ser precisas, informarase ao titor/a que o comunicará ás familias, e ao equipo docente na seguinte sesión de avaliación.

As medidas de apoio serán elaboradas polo profesorado da área ou materia, en colaboración co profesorado de apoio, co coñecemento do/a titor/a do grupo, quen o comunicará ás familias do/a alumno/a a fin de recabar a súa conformidade.

- **Flexibilización da duración do período de escolarización.** (Ver o apartado 6 deste plan, no referente á flexibilización)
- **Prazos para a realización do proceso de incorporación a agrupamentos flexibles:** (ver o apartado 6 deste plan, no referente a estas medidas)
- **Grupo de adquisición de linguas e de adaptación da competencia curricular** (ver o apartado 6 deste plan, no referente a estas medidas)

10. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

A avaliación do presente Plan constitúe ou enténdese como un proceso de recollida de información para emitir xuízos de valor que permitan a toma de decisións. A avaliación ha de ser formativa, e como resultado da mesma realizaranse as modificacións do planificado que sexan precisas. As actividades de avaliación irán encamiñadas a:

- ❑ Valorar en qué medida imos acadando os obxectivos propostos.
- ❑ Mellorar os deseños da intervención psicopedagóxica aproveitando a retroalimentación informativa para corrixir e adaptar ditos deseños de cara a conseguir unha maior eficacia.

Nesta avaliación teremos en conta a planificación, a súa elaboración e o seu desenvolvemento.

Os momentos para realizar a avaliación do Plan serán:

- ⇒ **Avaliación inicial** para deseñar o plan ou actuacións concretas en función das necesidades do centro.
- ⇒ **Avaliación do proceso** os membros do Departamento de Orientación recollerán trimestralmente información que permita valorar se se están a desenvolver as distintas accións de que consta o Plan como estaba previsto, se funciona satisfactoriamente, ou se é necesario introducir melloras ou modificacións para conseguir os obxectivos. Os informes de seguimento daranse a coñecer ao claustro e entregaranse á dirección do centro para a súa incorporación ao seguimento que se realice da programación xeral anual.
- ⇒ **Avaliación final** farase unha valoración por parte de todos os implicados e deberá servirnos para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos.



En relación aos instrumentos de avaliación empregados, estes son os seguintes:

- ❑ Análise e valoracións das actuacións desenvolvidas nas reunións periódicas do departamento de orientación.
- ❑ Análise e valoracións das actuacións desenvolvidas nas reunións periódicas de tutorías.
- ❑ Análise e valoracións da CCP nas súas reunións.
- ❑ Análise e valoracións dos equipos docentes de cada grupo nas sesións de avaliación.

A avaliación global do Plan constará dunha síntese de todos os datos de avaliación recollidos ao longo do curso. A información recabada na avaliación daranos unha visión global do funcionamento do Plan: os logros, as dificultades atopadas, a valoración dos factores que puideron incidir tanto nos logros como nas dificultades, e os aspectos que sería preciso modificar, reforzar o suprimir. A través de todos estes datos tratarase de formular ou reformular un novo Plan adaptado á realidade da comunidade educativa do momento, recollendo todos estes datos e as posibles propostas de mellora na memoria final do departamento de orientación.

Esta memoria realizarase despois da avaliación do mes de xuño, e recollerá, polo menos os seguintes aspectos:

- Modificacións introducidas no proceso de desenvolvemento do Plan.
- Valoración do grao de consecución dos obxectivos.
- Conclusións e propostas de mellora para incorporar ao Plan do curso seguinte.

Dita memoria darase a coñecer ao claustro do profesorado e entregárase á dirección do centro para a súa incorporación á memoria anual.



11. ANEXOS

SOLICITUDE DE INTERVENCIÓN PSICOPEDAGÓXICA. FOLLA DE DERIVACIÓN

Antes de iniciar a intervención do departamento de orientación, precisamos a información requirida máis abaixo. Rogamos a maior cantidade de información posible.

Nome do/a alumno/a:

Data de nacemento:

Curso:

Titor:

Persoa que solicita a demanda:

Data:

Motivo da solicitude:

Medidas adoptadas para axudar a superar as dificultades?: SI NON

En caso afirmativo, cales?:

Revisión do expediente e a documentación pertinente de cursos anteriores

Unha atención máis individualizada

Agrupar ao alumnado segundo necesidades específicas

Menor grao de esixencia nos obxectivos

Modificación dos obxectivos

Traballar con obxectivos de cursos anteriores

Deseñar materiais e actividades específicas para o alumno/a

Colaboración có profesorado de apoio

Colaboración con outros profesores do centro

Permanencia dun ano máis no curso

Outras, cales?

Que é o que máis lle preocupa deste alumno/a neste momento?

Indique por favor, cantos datos de interese (historial académico, médico, informes anteriores, aspectos familiares, etc...) considere oportunos.

Asdo. _____



.INFORME DO TITOR/A PARA PROGRAMA DE REFORZO

1 – DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

ALUMNO/A:

ETAPA:

NIVEL:

GRUPO:

2 - HISTORIAL ESCOLAR DO ALUMNO/A:

Momento no que se detectan dificultades de aprendizaxe:

	Educación Primaria	Ciclo/Nivel:	1º	2º	3º	4º	5º	6º
	Educación secundaria	Ciclo/Nivel	1º	2º	3º	4º		

Medidas de atención á diversidade adoptadas previamente:

Educación Primaria		Ciclo Materia s	1º	2º	3º	
	Reforzo educativo:					
	Apoio educativo dentro da aula					
	Apoio educativo dentro da aula					
	Apoio educativo fóra da aula					
	Adaptación Curricular					
	Outras. Especificar:					
Resultados das medidas:						
Educación Secundaria Obrigatoria		Ciclo Nivel:	1º	2º	3º	4º
	Reforzo educativo:					
	Apoio educativo dentro da aula					
	Apoio educativo dentro da aula					
	Apoio educativo fóra da aula					
	Adaptación Curricular					
	Outras. Especificar:					
Resultados das medidas de atención á diversidade:						



3 – COMPETENCIA CURRICULAR ACTUAL:

Nas técnicas instrumentais:

--

Nas áreas propostas para o programa de reforzo:

--

4 – PROPOSTA DE MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

A Rúa, a de de 20

O titor/A titora



INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO (RE). PROFESORADO DE ÁREA.

CURSO: 20 – 20

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS:.....NOME:.....

DATA DE NACEMENTO:

Secundaria obrigatoria: CURSO: 1º: 2º: 3º: 4º: GRUPO:

1. ÁREA OU MATERIA:

2. DATOS DO PROFESORADO DA ÁREA OU MATERIA:

APELIDOS:.....NOME:.....

3. DATOS DO REFORZO EDUCATIVO:

DATA DE COMEZO DO RE: DATA DE REMATE DO RE.....

4. DESCRICIÓN DAS MEDIDAS DESENVOLVIDAS:

a) Cal foi o motivo?

b) En que consistían?

Secuenciación de contidos

Adaptación dos tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Organización da aula

Recursos

Outros.....

c) Con que frecuencia se presentaban?

(temporalización)

d) Cando as realizaba a alumna ou o alumno?

e) Quen lle axudaba?:

f) Como se avaliaban?

(corrixían) :



.....
.....

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE RE:

- Acadáronse os obxectivos previstos nelas.
- Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO SEGUINTE (indíquese se se considera que esta alumna ou este alumno, no curso próximo, pode verse beneficiada/o ou non por unhas medidas regulares de reforzo educativo na área ou materia).....

....., de de 20

O/a profesor/a titor/a,

O/a profesor/a que realizou o reforzo

Asdo.: Asdo.:



INFORME INDIVIDUAL FINAL DE CURSO SOBRE AS MEDIDAS DE APOIO EDUCATIVO DO PROFESORADO DE APOIO

CURSO: 20 – 20

DATOS DA ALUMNA OU DO ALUMNO:

APELIDOS:.....NOME:.....

DATA DE NACEMENTO:

Secundaria obrigatoria: CURSO: 1º: 2º: 3º: 4º: GRUPO:

(Por cada profesorado especialista en PT e/ou AL)

1. DATOS DO PROFESORADO

APELIDOS:.....NOME:.....

2. DATOS DAS MEDIDAS DE APOIO:

ÁREA/S OU MATERIA/S NA QUE RECIBIU APOIO:.....

DATA DO COMEZO DO APOIO:.....DATA DE REMATE DO APOIO:.....

HORARIO SEMANAL E MODALIDADE DE APOIO REALIZADO (días da semana, horario e modalidade, dentro ou fóra da aula):

.....
.....
.....

DESCRIPCIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:

a. Tipo de tarefas realizadas:

.....
.....
.....

b) Principais materiais usados:

.....
.....
.....

c) Horario ou frecuencia de coordinación có profesorado de área ou materia:

.....
.....

d. Horario ou frecuencia de coordinación có profesorado titor:

.....
.....

e. Cómo se avaliaron as medidas de apoio?

.....
.....
.....

VALORACIÓN FINAL DAS MEDIDAS DE APOIO



Acadáronse os obxectivos previstos nelas Foron eficaces, pero a mellora non se extrapolaba ao traballo diario (ordinario).

PREVISIÓN PARA O CURSO PRÓXIMO (Indicar se se considera que este alumnado, no curso próximo, poden verse beneficiados ou non por unhas medidas regulares de apoio educativo, en que área ou materia, mediante que modalidade –dentro da aula ordinaria, fóra dela ou mixta- e número de horas semanais):

.....

....., de De 20.....

.INFORME DO TITOR/A PARA AGRUPAMENTO FLEXIBLE

1 – DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

ALUMNO/A:

ETAPA:

NIVEL:

GRUPO:

2 - HISTORIAL ESCOLAR DO ALUMNO/A:

Momento no que se detectan dificultades de aprendizaxe:

Table with 2 rows and 8 columns: Educación Primaria, Ciclo/Nivel, 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º; Educación secundaria, Ciclo/Nivel, 1º, 2º, 3º, 4º

Marca cun X a Etapa e o curso que correspondan

Medidas de atención á diversidade adoptadas previamente:

(Escriba as claves das áreas no recadro correspondente ó ciclo ou curso. As claves aparecen ó final da páxina)

Table with 5 columns: Educación Primaria, Ciclo, 1º, 2º, 3º. Rows include: Refuerzo educativo, Apoio educativo dentro da aula, Apoio educativo fóra da aula, Adaptación Curricular, Outras. Especificar:

Resultados das medidas:

Table with 5 columns: Educación Secundaria Obligatoria, Ciclo Nivel, 1º ciclo, 3º, 4º. Rows include: Refuerzo educativo, Apoio educativo dentro da aula, Apoio educativo fóra da aula, Adaptación Curricular, Outras. Especificar:



Resultados das medidas de atención á diversidade:			

Areas	Claves	Areas	Claves	Areas	Claves
Lingua galega	LG	Ciencias naturais	CN	Educación Artística	EA
Lingua castelá	LC	Ciencias sociais	CS	Educación física	EF
Lingua estranxeira	LE	Tecnoloxía	T	Música	Mú
Matemáticas	M	Optativa:	LE2/OM/ OCO	Relixión	R
Coñecemento do medio	CM	Educación Plástica e Visual	EPV		

3 – COMPETENCIA CURRICULAR ACTUAL:

Nas técnicas instrumentais:
Nas áreas propostas para o agrupamento:

4 – PROPOSTA DE MEDIDAS ORGANIZATIVAS:

Na valoración realizada sobre a situación escolar e as dificultades de aprendizaxe do alumno/a concluímos que:	
<input type="checkbox"/>	Procede solicitar a exención na 2ª lingua estranxeira
<input type="checkbox"/>	Procede a incorporación do alumno a un agrupamento específico nas áreas:
<input type="checkbox"/>	Matemáticas
<input type="checkbox"/>	Linguas
<input type="checkbox"/>	Ciencias da natureza
<input type="checkbox"/>	Ciencias sociais
<input type="checkbox"/>	Non procede a incorporación do alumno a un agrupamento xa que
<input type="checkbox"/>	O alumno pode seguir as actividades da aula ordinaria con ou sen medidas de RE
<input type="checkbox"/>	O programa de reforzo non parece unha medida suficiente para este alumno/a

A Rúa, a de de 20



O titor/A titor

INFORME DO TITOR/A DE 6º DE PRIMARIA

1 – Datos de identificación:

ALUMNO/A:

ETAPA:

NIVEL:

GRUPO:

2 - Historial escolar do alumno/a:

Momento no que se detectan dificultades de aprendizaxe:

Educación Primaria	Ciclo/Nivel:	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Cursos Repetidos	Ciclo/Nivel	1º	2º	3º	4º	5º	6º

(Marca cun X o curso que correspond)

Medidas de atención á diversidade adoptadas previamente:

(Escriba as claves das áreas no recadro correspondente ao ciclo ou curso. As claves aparecen ó final da páxina)

Educación Primaria	Ciclo	1º	2º	3º
Reforzo educativo:				
Apoio educativo dentro da aula				
Apoio educativo fóra da aula				
Adaptación Curricular				
Outras. Especificar:				

Resultados das medidas:

Areas	Claves	Areas	Claves
Lingua galega	LG	Educación Artística	EA
Lingua castelá	LC	Educación física	EF
Lingua estranxeira	LE	Música	Mú
Matemáticas	M	Relixión	R
Ciencias Naturais	CN	Ciencias Sociais	CS



3 – Competencia Curricular:

Nas técnicas instrumentais:

Nas áreas propostas para reforzo:

4 – Proposta de medidas:

Na valoración realizada sobre a situación escolar e as dificultades de aprendizaxe do alumno/a concluímos que:

<input type="checkbox"/>	Procede solicitar a exención na 2ª Lingua Estranxeira
<input type="checkbox"/>	Procede a aplicación ao alumno/a dun reforzo educativo nas áreas:
<input type="checkbox"/>	Lingua Castelá
<input type="checkbox"/>	Lingua Galega
<input type="checkbox"/>	Matemáticas
<input type="checkbox"/>	Non procede a aplicación ao alumno/a dun reforzo educativo xa que:
<input type="checkbox"/>	O alumno pode segui-las actividades da aula ordinaria con ou sen medidas de RE
<input type="checkbox"/>	O reforzo educativo non parece unha medida suficiente para este alumno/a

A Rúa, a de de 20

A titora



INFORMACIÓN E CONFORMIDADE DE SOLICITUDE DE EXENCIÓN DE FRANCÉS

A resolución do 26 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2022/23 en Galicia, nos centros docentes que se imparten ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, no seu artigo 11 dispón que *“o alumnado dos cursos primeiro e segundo que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira (...)”*.

D/Dna.

Pai/Nai/Titor/a do alumno/a:

do curso:

MANIFESTO ESTAR INFORMADO E DOU A MIÑA CONFORMIDADE para solicitar que o meu fillo/a estea exento da materia de Segunda Lingua Estranxeira (Francés) e para que conste asino a presente autorización.

A Rúa, a de de 20

O pai/nai/ titor/a legal



Asdo:

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

.INFORMACIÓN E CONFORMIDADE SOBRE INTERVENCIÓN ESPECIALISTAS

O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 9 a posibilidade de ofrecer como medida extraordinaria de atención á diversidade a atención por parte de especialistas en pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe.

Don/a..... , nai/pai ou titor legal do/a alumno/a....., matriculado/a no curso..... de ESO no IES Cosme López Rodríguez.

MANIFESTO ESTAR INFORMADO/A E DOU O MEU CONSENTIMENTO para que meu fillo/a reciba reforzo educativo, dentro ou fóra da aula, por parte do/a profesor/a de área, o/a especialista en pedagogía terapéutica ou o/a de audición e linguaxe e para que conste asino a presente autorización,

- Estou de acordo
 Estou en desacordo

Os apoios e reforzos poden ser susceptibles de modificación ao longo do curso en función da evolución do alumno/a. A familia será informada, no seu caso.

En A Rúa, de..... de 20



ACTA DE REUNIÓN PARA A PROPOSTA E REALIZACIÓN DE ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA

ALUMNO/A:

CURSO:

ASISTENTES:

TITORA:

XEFA DE ESTUDOS:

ORIENTADORA:

PROFESORES (das materias que se consideran obxecto de ACS)

- (Materia)
-

ACORDAN

Que procede a elaboración/actualización/supresión dunha adaptación curricular ó citado/a alumno/a xa que presenta necesidades específicas de apoio educativo que requiren modificacións significativas do currículo nas materias de:

-
-

- Por considerarse a resposta educativa máis axeitada ás necesidades educativas especiais do alumno/a
- Para reaxustar as ACS correspondentes do curso anterior á nova situación académica do alumno/a

	SINATURA
Titor/a:	
Prof.	
Prof.	
Xefatura de Estudos:	
Prof. Esp. En Pedagogía Terapéutica:	
Xefatura Dpto. de Orientación:	



--	--

En A Rúa, a.... de de 20

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

.ALUMNADO PROPOSTO PARA ADAPTACIÓN CURRICULAR

.(Orde 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Dec. 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia))

Don/a....., nai/pai ou titor legal do/a alumno/a, matriculado/a no curso**ESO** no IES COSME LÓPEZ RODRÍGUEZ de A Rúa, manifesto que fun informado/a da necesidade de que a meu/miña fillo/a teña ADAPTACIÓN CURRICULAR SIGNIFICATIVA, por presentar necesidade específica de apoio educativo e non alcanzar o nivel de competencia curricular necesaria para o nivel educativo que está a cursar.

- Acepto a medida
- Non acepto a medida

En A Rúa, a de de 20

Asdo. D./Dna.



MODELO EXPEDIENTE DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

ALUMNO:

ÁREAS ADAPTADAS:

CURSO:

CENTRO:

1. DATOS PERSOAIS DO ALUMNO

1.1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN

- Nome e apelidos
- Data de nacemento
- Data de realización da ACS
- Domicilio
- Currículum de referencia
- Currículum adaptado

2. DATOS FÍSICOS E DE SAÚDE

2.1. CARACTERÍSTICAS DO DESENVOLVEMENTO

2.2. DATOS MÉDICOS RELEVANTES

3. DATOS PSICOSOCIAIS MÁIS RELEVANTES

3.1 DESENVOLVEMENTO COGNITIVO

3.2 TRAZOS DA PERSONALIDADE

3.3 INTERESES MANIFESTADOS



3.4 NIVEL DE ADAPTACIÓN PERSOAL E INTERACCIÓN SOCIAL

4. DATOS DO CONTORNO SOCIOFAMILIAR

4.1 ESTRUCTURA FAMILIAR

4.2 LINGUA HABITUAL DA FAMILIA

4.3 CARACTERÍSTICAS DA DINÁMICA FAMILIAR

4.4 EXPECTATIVAS FAMILIARES

4.5 PAUTAS EDUCATIVAS, VALORES E NORMAS NO SEO FAMILIAR

4.6 RELACIÓN E COOPERACIÓN CÓ CENTRO EDUCATIVO

5. DATOS DO CONTORNO ESCOLAR

- ENTORNO
- CENTRO
- AULA

6. DATOS PEDAGÓXICOS

6.1 ASPECTOS RELEVANTES DA ESCOLARIZACIÓN

6.2. NIVEL DE COMPETENCIA CURRICULAR

6. 3 NECESIDADES EDUCATIVAS

6.4. ESTILO DE APRENDIZAXE

6.5 PERTINENCIA DE ADAPTACIÓN E MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DICERSIDADE APLICADAS

6.6. ÁREAS ADAPTADAS

6.7 PROVISIÓN DE RECURSOS E APOIOS

6.8. SEGUIMIENTO DA ADAPTACIÓN CURRICULAR

6.9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

7. ACREDITACIÓN DA INFORMACIÓN Á FAMILIA E OPINIÓN DESTA

8. PERSOAS PROFESIONAIS PARTICIPANTES



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN
SECUNDARIA COSME
LÓPEZ RODRÍGUEZ

Rúa Vicente Risco S/N
32350 A Rúa, Ourense
T. 988 310 833
ies.cosme.lopez@edu.xunta.gal
<https://www.iescosmelopez.org/>